



## ***PLAN DE CONVIVENCIA CENTRO DE F.P. DANIEL CASTELAO***

*Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa (DOG 15 xullo)*

*Decreto 8/2015, do 8 de xaneiro, polo que se desenvolve a Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar (DOG 27 de xaneiro)*

***Aprobado en Claustro de Profesores o 24 de novembro de 2015, e en Consello Ecolar do 26 de xaneiro de 2016***

## **1. XUSTIFICACIÓN**

## **2. SITUACIÓN DA CONVIVENCIA NO CENTRO**

## **3. OBXECTIVOS**

## **4. ACTIVIDADES DESTINADAS A CONSECUCIÓN DOS OBXECTIVOS**

Actividades do Equipo Directivo

Actividades da Comisión de Convivencia

Actividades das Áreas Didácticas

Actividades de Orientación

Actividades de Acción Titorial

Actividades do profesorado

Actividades dos alumnos/as

Actividades das familias

Actividades do persoal non docente

## **5. PROCEDEMENTOS DE ACTUACIÓN PARA PREVIR CONFLICTOS E CONSEGUIR UN AXEITADO CLIMA DE CONVIVENCIA**

Profesores/as e tutores/as

Xefatura de Estudos

Orientación

Comisión de Convivencia

## **6. CRITERIOS DE ACTUACIÓN PARA A RESOLUCIÓN DE CONFLICTOS**

*Acoso escolar. Criterios de actuación.*

*Coñecemento da situación. Comunicación inicial*

*Posta en coñecemento do equipo directivo*

*Valoración inicial. Primeiras medidas*

Adopción de medidas de carácter urgente

*Posta en coñecemento*

*Apertura de expediente*

*Plan de actuación:*

Os alumnos/as

As familias

O profesorado

Desenvolvemento e coordinación do plan de actuación

Seguimento do plan de actuación

Actuacións posteriores en caso de que non se confirme a existencia de acoso.

## **7. SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN DO PLAN DE CONVIVENCIA**

**8. Anexo 1.** Alunos/as mediadores/as

—

**9. Anexo 2.** Protocolo Educativo para a Prevención e Control do Absentismo Escolar

Protocolo Xeral de Prevención, Detección e Tratamento do Acoso Escolar e Ciberacoso.

**10. Anexo 3.** Tipificación de sanción para faltas ou incidencias

**11. Anexo 4.** Falta ou Incidencia e Sanción

## 1. XUSTIFICACIÓN

O Plan de Convivencia Escolar nace para regular as relacións entre todos o membros da comunidade educativa: alumnado, profesorado, pais/nais e persoal non docente, para dar resposta a resolución de conflitos que poden xurdir durante os periodos lectivos e non lectivos na práctica docente diaria.

Pretende concretar as normas e procedementos a aplicar ante conflitos concretos, tendo en conta que o RRI é unha norma de carácter superior.

Acudirase ao Plan de Convivencia como referencia inmediata nos asuntos ordinarios da convivencia, sobre todo cunha orientación preventiva e de corrección inmediata, sen prexuízo de que, sobre todo en actuacións de corrección de condutas gravemente perxudiciais para a convivencia, se poida aplicar directamente o previsto no RRI.

## 2. SITUACIÓN DA CONVIVENCIA NO CENTRO

En xeral o clima de convivencia no Centro é bo e non sufrimos problemas moi graves. Os máis frecuentes aparecen no alumnado de PCPI e Formación Profesional Násica, e están fundamentalmente relacionados coa problemática persoal e familiar deste tipo de alumnado.

### **Porcentaxe de condutas contrarias a convivencia no centro dos últimos tres anos nos ciclos formativos de Formación Profesional Básica e PCPI's**

CURSO	Nº ALUMNOS	LEVES	GRAVES	MOI GRAVES
2012-2013	57	135,09%	36,84%	1,75%
2013-2014	57	233,33%	63,16%	1,75%
2014-2015	70	185,71%	94,29%	282,86%

A conflitividade está relacionada fundamentalmente con condutas que alteran o normal desenvolvemento das clases, afectan negativamente ao clima de convivencia e deterioran materiais e recursos do centro.

Os conflitos intentamos resolvelos fundamentalmente co diálogo e en ocasións con algunhas medidas disciplinarias, véndonos en casos puntuais obrigados a adoptar medidas máis severas.

Os **conflictos máis frecuentes** cos que nos atopamos están relacionados con:

- Disrupción na aula: falta de respecto cara ao profesor, falar a destempo, levantarse sen permiso, falar cos compañeiros...
- Distracción e falta de atención
- Esquecemento do material para o desenvolvemento da clase
- Faltas inxustificadas de puntualidade ou de asistencia a clase
- Desconsideración cara aos compañeiros
- Cuestionar a autoridade do profesor
- Discusións, insultos e mesmo pequenas pelexas en espazos comúns (patios, corredores, baños,...) entre alumnos/as.

As **causas** adoitan ser:

- Entre o **alumnado** atopamos: falta de motivación, dificultades de aprendizaxe, impulsividade e pouca reflexión, falta de estratexias para resolver os conflitos axeitadamente, ausencia dun referente de autoridade que lles transmita uns límites que non se deben sobrepasar.
- Nalgunhas **familias** atopamos falta de colaboración e/ou implicación nos aspectos escolares, e, mesmo en casos puntuais pouca responsabilidade da familia ante o centro.
- Entre o **profesorado** notamos a falta dun criterio común á hora de afrontar determinados conflitos, así como a falta de retroalimentación no proceso de información, comunicación e resolución dos conflitos.

Estas situacións levanos a dous tipos de actuacións:

- **Preventiva**, dirixida a identificación de situacións de acoso e á detección precoz de conflitos.
  - Mediante: a Acción Titorial (reunións cos pais/nais e cos alumnos/as para dar a coñecer as normas do centro, dereitos e deberes dos alumnos/as, chamadas puntuais para informar das faltas de asistencia, etc,..)
  - Charlas e Talleres a alumnado e profesorado de temas relacionados coa convivencia e as novas tecnoloxías (bullying, uso indebido de Internet, redes sociais e dos teléfonos mobiles...)
- **Resolución de Conflictos**: diálogo do titor, xefe de estudos ou directora con alumnos/as e/ou pais/nais, amoestacións verbais e escritas, realización de tarefas fóra do horario lectivo, expulsións temporais, etc.

### **3. OBXECTIVOS**

#### **XERAIS:**

- Facilitar a comunidade educativa instrumentos e recursos para a prevención da violencia e mellora da convivencia no centro.
- Concienciar a comunidade educativa sobre a importancia dunha adecuada convivencia escolar.
- Fomentar os valores, as actitudes e as prácticas para mellorar o grao de aceptación e cumprimento das normas.
- Facilitar a prevención, a detección, o tratamento, o seguimento, a xestión e a resolución de conflitos.
- Facilitar a prevención, detección e eliminación de todas as manifestacións de violencia, especialmente do acoso escolar, da violencia de xénero e das actitudes e comportamentos xenófobos e racistas.
- Facilitar a conciliación ou mediación para a resolución pacífica dos conflitos.
- Contribuir desde o ámbito da convivencia á adquisición de competencias básicas, particularmente das competencias sociais e cidadá e para a autonomía e iniciativa persoal.
- Fomentar e facilitar a participación, a comunicación e a cooperación das familias no desenvolvemento da convivencia.
- Establecer, incrementar e consolidar as relacións con entidades e institucións do contorno que contribúan á construción de comunidades educadoras e a unha convivencia de calidade que potencie os dereitos e as liberdades fundamentais.

#### **OBXETIVOS ESPÉCIFICOS**

- 1) Mellorar a convivencia no Centro
- 2) Asunción por parte de todos os membros da comunidade educativa de que a convivencia é tarefa de todos.

Para conquistar estes obxectivos será preciso:

- O coñecemento do Plan por parte de toda a comunidade educativa (colgalo na

- web, difundilo nas reunións cos pais e nas titorias co alumnado)
- Buzón de queixas e suxestións para que os alumnos/as e as súas familias poidan denunciar agresións, maltratos, acoso, intimidación etc,
  - Mellorar a vixilancia das áreas comúns durante os recreos e os cambios de clase.
  - Realización de campañas de actividades que redunden no coñecemento compartido dos bens comúns (equipamento, instalacións, gasto enerxético...) e da implicación de todos para o seu coidado, mantemento e promoción.

#### 4. ACTIVIDADES DESTINADAS A CONSECUCIÓN DOS OBXECTIVOS

##### Actividades do Equipo Directivo

- Estará permanentemente aberto ás suxestións que poida formular calquera membro da comunidade educativa; e ante problemas de convivencia dialogará e mediará coas partes implicadas co fin de reconducir a situación.
- Fomentará o diálogo cos pais/nais para que interveñan na educación dos seus fillos, axudándolles a recapacitar.
- Intentará aplicar medidas que teñan un carácter educativo, arbitrando fórmulas para que o alumno/a modifique condutas inadecuadas e asuma as normas de convivencia
- As posibles medidas sancionadoras irán aumentando gradualmente en proporción á falta cometida:
  - a) Amoestación verbal.
  - b) Amoestación escrita e comunicación á familia.
  - c) Privación de recreo.
  - d) Tarefas destinadas á reparación ou substitución do dano causado na instalación ou no material.
  - e) Asistencia ao centro fora do seu horario lectivo a realizar unha tarefa controlada.
  - f) Privación de asistencia a clase e estanza no centro.
  - g) Suspensión do dereito a participar en actividades complementarias e extraescolares.
  - h) Suspensión do dereito de asistencia a clase un máximo de 3 días.
  - i) Expediente disciplinario.

As medidas correctivas aplicaranse conforme ao disposto no RRI.

Así as medidas **a, b, c, d** poderán ser propostas directamente polos profesores. Os profesores que impoñan unha destas sancións velarán para que o alumno/a estea atendido convenientemente e supervisará a actividade encomendada.

As demais medidas correctivas só poderán propoñerse dende dirección ou tras a apertura dun expediente disciplinario.

**Actividades da Comisión de Convivencia**

- Elaborar o plan de convivencia do centro e dinamizar todos os sectores da comunidade educativa.
- Adoptar as medidas preventivas necesarias para garantir os dereitos de todos os membros da comunidade educativa e o cumprimento das normas de convivencia do centro.
- Impulsar accións dirixidas á promoción da convivencia.
- Propor ao consello escolar as medidas que considere oportunas para mellorar a convivencia, así como de dar conta a este, cando menos dúas veces ao longo do curso, das actuacións desenvolvidas e das correccións e medidas disciplinarias impostas.
- Coñecer o cumprimento efectivo das correccións e medidas correctoras nos termos en que fosen impostas e informar o consello escolar sobre o grao de cumprimento da normativa vixente.
- Elaborar unha memoria anual sobre o análise da convivencia e conflictividade no centro, no cal se reflectan as iniciativas no ámbito do centro sobre a materia. Este informe será trasladado ao consello escolar do centro e ao correspondente servizo territorial da Inspección Educativa.

**Actividades das Áreas Didácticas**

- Incluir nas programacións actividades para traballar cos alumnos/as a formación en "actitudes, valores e normas" que formen parte dos contidos curriculares das materias.

**Actividades de Orientación**

- Realizar propostas para a mellora e aplicación do Plan
- Asesorar, cando a problemática o requira, nos procedementos de alteracións do comportamento, acoso e intimidación.
- Poñer a disposición dos titores material didáctico para levar a cabo as actividades do Plan.
- Informar aos alumnos/as respecto á súa futura actividade laboral.
- Cooperar nas relacións titores-familia.

**Actividades de Acción Titorial**

- Realizar actividades de acollida e integración dos alumnos/as.
- Facilitar o coñecemento do Centro: estrutura e organización



- Dar a coñecer o RRI: dereitos e deberes dos alumnos/as, participación, elección de delegados, organización do grupo, normas de convivencia e disciplina, etc.
- Revisar continuamente as incidencias de convivencia e coordinar o diálogo na clase para a resolución de conflitos.
- Comentar antes e despois das avaliacións os problemas de disciplina que se orixinan no grupo e tratar de chegar a acordos para solucionarlos.
- Fomentar a colaboración dos pais/nais co centro para previr e abordar posibles situacións contrarias ás normas de convivencia, mal comportamento, acoso ou intimidación.

### **Actividades do profesorado**

- Fomentar hábitos e valores positivos: respecto cara aos demais, respecto ás instalacións e o material, axuda ao que o precise, etc.
- Implicación no desenvolvemento das actuacións e procedementos planificados neste Plan
- Detectar non unicamente problemas de aprendizaxe senón tamén posibles problemas de integración, adaptación, problemas de conduta, acoso e intimidación que poidan observar entre os alumnos/as.
- Comunicar ao titor/a os incumprimentos das normas de convivencia, mal comportamento, acoso ou intimidación que observen nos alumnos/as.

### **Actividades dos alumnos/as**

- Respecto ao estudo: asistir a clase con puntualidade; participar nas actividades formativas; asistir ao centro co material e equipamento necesarios para poder participar activamente no desenvolvemento das clases; e realizar o esforzo necesario, -en función da súa capacidade-, para comprender e asimilar os contidos.
- Respecto ao profesor/a: basicamente mostrar o respecto axeitado e seguir as normas e pautas que este estableza.
- Respecto aos compañeiros/as: practicar a tolerancia, rexeitando todo tipo de discriminación; respectar o dereito ao estudo dos compañeiros; exercer a solidariedade e practicar o compañeirismo.
- Respecto ao centro: colaborar na mellora da convivencia escolar e na consecución dun axeitado clima de estudo, respectando o dereito dos compañeiros á educación; coidar e utilizar correctamente o material didáctico e as instalacións..

### **Actividades das familias**

- Coñecer o Plan a través de: reunión inicial, entrevistas co titor/a, etc.
- Informar o/a titor/a en caso de que os seus fillos sufran algunha alteración do seu comportamento, ou situacións de acoso e intimidación para actuar rapidamente e evitar posibles danos no desenvolvemento da personalidade dos seus fillos.
- Colaborar co centro nas medidas adoptadas para seus fillos, no caso de incumprimento das normas de convivencia, acoso, agresión e intimidación coa

finalidade de modificar as devanditas condutas e favorecer un desenvolvemento positivo da personalidade dos seus fillos.

- Establecer unha relación fluída co/a titor/a e o centro.

### **Actividades do persoal non docente**

- Informar o equipo directivo de calquera situación que observen de condutas disruptivas, agresións, acoso, intimidación, etc. para a súa inmediata intervención.
- O persoal de conserxería realizará labores de vixianza nas horas de recreo, por ser momentos especialmente propicios para que se produzan condutas inadecuadas ás normas de convivencia.
- Non deixarán saír do centro aos alumnos/as menores de idade sen autorización.

## **5. PROCEDEMENTOS DE ACTUACIÓN PARA PREVIR CONFLITOS E CONSEGUIR UN AXEITADO CLIMA DE CONVIVENCIA**

### **Profesores/as e titores/as**

En relación con incidentes que alteren a orde da clase (interromper, non levar o material imprescindible,...) recoméndase:

- Que a intervención do/a profesor/a, por norma, non sexa a de expulsar o/a alumno/a de clase e enviálo á xefatura de estudos; en ocasións, é necesario "perder" uns minutos en establecer, -e mesmo negociar-, unhas normas básicas de conduta e impoñer, se é necesario, medidas educativas correctoras ao alumno/nos que causen a desorde. Os incidentes, se o/a profesor/a o considera, serán comunicados ao titor/a. Aconsellable, se é posible, resolver os conflitos dentro da aula.
- Se se repiten as situacións e/ou as alteracións se repiten con varios profesores, o titor/a deberá convocar unha reunión do equipo docente.
- Durante as horas de titoría pode aproveitarse para repasar as incidencias semanais.
- Tras dialogar co/a alumno/a -ou cos alumnos/as- que provoquen incidentes e co resto do grupo, o titor/a poderá impoñer medidas correctoras, que sería recomendable que fosen consensuadas cos pais/nais, os propios alumnos/as e xefatura de estudos.

### **Xefatura de Estudos**

- Unha vez esgotadas as intervencións do profesor e o titor/a, enviarase ao alumno/a, coa correspondente amoestación a xefatura de estudos. Tras a pertinente valoración xefatura poderá adoptar directamente algunha medida correctora.
- En caso de que as versións das partes en conflito (profesor-alumno/s) non coincidan, poderase remitir o caso á comisión de convivencia, que intentará

mediar para encontrar posibles solucións e propor as posibles actuacións.

- **Mensualmente o/a titor/a convocará unha reunión do equipo docente onde entre outros temas se tratará a situación da convivencia no grupo, que coincidirá coa reunión mensual de seguimento da programación.**

### **Orientación**

Orientación terá funcións de apoio técnico e asesoramento para mellorar a convivencia, entre elas:

- Proporcionar aos titores orientacións e materiais curriculares para que estes poidan instruír os alumnos/as nas habilidades específicas da relación interpersonal e outras habilidades sociais, así como na dinámica de grupos.
- Apoiará e aconsellará ao profesorado e titores/as sobre as estratexias e procedementos para a condución da clase.
- Intervirá no procedemento de resolución de conflitos en casos de alteración da conduta ou de acoso.
- Intervirá nos casos de alumnos/as que realmente o necesiten para o seu desenvolvemento condutual, emocional, intelectual ou psicopedagóxico.

### **Comisión de Convivencia**

É o órgano que coordina as accións e medidas para a mellora da convivencia do centro.

A súa principal función será canalizar as iniciativas de todos os sectores da comunidade educativa para mellorar a convivencia e mediar en todos os conflitos que sexa requirida.

**Trimestralmente** deberá informar á CCP do estado da convivencia no centro e das actividades realizadas e as previstas.

O Consello Escolar asume as funcións da Comisión de Convivencia.

Coñecerá e decidirá sobre os casos de conflito e de alteración da conduta que se produzan no centro, así como dos casos de absentismo. Igualmente mediará en conflitos entre membros da comunidade educativa cando algunha das partes implicadas o solicite.

Poderá emitir recomendacións e instrucións para a mellora da convivencia e deberá elaborar un informe trimestral das actuacións acometidas. Decidirá sobre a posible apertura de expedientes académicos.

Será o encargado de realizar as tarefas do "**Observatorio de Convivencia**"

## **6. CRITERIOS DE ACTUACIÓN PARA A RESOLUCIÓN DE CONFLICTOS**

Como norma xeral os problemas deben ser resoltos no seu propio ámbito, tendo en conta:

a. Que o conflito sexa resolto polos alumnos/as implicados; aplicables en especial ás "incidencias" e que non requiran do concurso de terceiros. O/a profesor/a supervisará e intervirá se o considera oportuno.

b. Caso de non ser resolto, interviría o/a titor/a, coa colaboración do resto da clase.

c. Se segue sen atoparse unha solución informarase a xefatura de estudos que solicitará a información oportuna para determinar se existe alteración da conduta.

d. Finalmente, logo de información a dirección, a xefatura de estudos decidirá se o conflito pasa á comisión de convivencia.

### **Acoso escolar. Criterios de actuación.**

#### a) IDENTIFICACIÓN DE SITUACIONES DE ACOSO

Existe **acoso escolar**, segundo os especialistas, cando un alumno/a está sendo exposto de forma repetida e deliberada a un maltrato verbal, físico, e/ou psicolóxico por parte dun compañeiro ou grupo de compañeiros, co obxecto de sometelo, apoucalo, asustalo e ameazalo, atentando contra a súa dignidade e integridade física ou moral. O acoso entre escolares pódese levar a cabo mediante diferentes condutas:

- Comportamentos de desprezo, difamación e ridiculización.
- Coaccións.
- Agresións físicas e/ou verbais.
- Comportamento de intimidación e ameaza.
- Comportamentos de exclusión e marxinação social.
- Subtraccións, extorsións, chantaxes e deterioración de pertenzas.
- Utilización de Internet, mensaxería de móbiles, etc. con intención de facer dano a través de diferentes procedementos: envío masivo de correos electrónicos non desexados, difusión de imaxes sen consentimento do interesado, etc.

É necesario distinguir entre "**acoso escolar**" e "**agresións esporádicas**" ou outras manifestacións violentas entre alumnos/as que non gardan continuidade no tempo, nin supoñen inferioridade dun dos participantes no suceso.

Entenderase que existe unha situación de acoso entre escolares se se dan simultaneamente as seguintes circunstancias:

- intención de facer dano
- reiteración de condutas agresivas
- desequilibrio de forzas entre acosador/a e vítima

**b) ACTUACIÓN PREVENTIVAS****cos alumnos/as:**

- Sensibilización e prevención
- Detección de posibles situacións e o apoio ás vítimas
- "Tolerancia cero" co acoso e a intimidación cos profesores
- Sensibilización, prevención e detección de posibles situacións.
- Formación no apoio ás vítimas e a "tolerancia cero" co acoso e a intimidación
- Atención ás familias

**coas familias:**

- Sensibilización, prevención e detección de posibles situacións
- Formación no apoio ás vítimas e a "tolerancia cero" co acoso e a intimidación con outras entidades e organismos:
  - Establecemento de mecanismos de colaboración e actuación conxunta, para o momento que se considere necesario.

**c) ACTUACIÓN INMEDIATAS*****Coñecemento da situación. Comunicación inicial***

Calquera membro da comunidade educativa que teña coñecemento expreso dunha situación de intimidación ou acoso sobre algún alumno/a ou considere a existencia de indicios razoables, porao en coñecemento dun profesor/a, do/a titor/a do alumno/a, do/a orientador/a ou do equipo directivo,segundo o caso. Este primeiro nivel de actuación corresponde, polo tanto, a todos e cada un dos membros da comunidade educativa.

***Posta en coñecemento do equipo directivo***

- O receptor da información trasladaraa ao equipo directivo.
- O equipo directivo, co asesoramento de orientación e do/a titor/a do/a alumno/a completará a información utilizando os medios e actuacións axeitadas, todo iso de forma estritamente confidencial.
- A urxencia desta actuación non exclúe a posibilidade, que será preciso valorar axeitadamente, de adoptar medidas de carácter disuasorio.

***Valoración inicial. Primeiras medidas***

- O equipo directivo, porá en marcha de forma inmediata o Protocolo de Acoso Escolar e Civeracoso da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia. escrito que quedará en xefatura de estudos.

En caso de confirmarse a existencia dun caso de acoso entre alumnos/as, as diferentes actuacións estarán coordinadas polo equipo directivo, co apoio de orientación e o/a titor/a do alumno/a.

***Adopción de medidas de carácter urxente***

Logo da valoración e dirixidas a evitar a continuidade da situación, entre elas:

- medidas inmediatas de apoio directo ao alumno/a afectado/a (víctima do acoso)
- revisión urxente da utilización de espazos e tempos do centro (mecanismos de control) aplicación do RRI, se se considera conveniente, tendo en conta a posible repercusión sobre a vítima
- segundo o caso, posta en coñecemento e denuncia da situación nas instancias correspondentes.

### ***Posta en coñecemento***

Comunicación a:

- As familias do alumnado implicados (víctima e agresores)
- A comisión de convivencia do centro
- O equipo docente do/a alumno/a e outros profesores relacionados
- Outro persoal do centro, se se considera conveniente
- Outras instancia externas ao centro (sociais, sanitarias ou xudiciais, segundo a valoración inicial).

### ***Apertura de expediente***

Nel participarán o equipo directivo, o/a orientador/a e o/a titor/a. Os pasos que se han de seguir son:

1. Recollida de información de distintas fontes:
2. Coordinación con institucións e organismos externos (sanitarios, sociais, xudiciais), se procede, que poidan achegar información ou axuda sobre o caso.
3. Emisión de prognóstico inicial e liñas básicas de actuación así como a avaliación de necesidades e recursos:

Reunión do equipo de profesores do grupo do alumno/a e doutro profesorado afectado, coa participación de xefatura de estudos e de orientación, para analizar a información obtida, a posibilidade de solicitar outra nova e achegar ideas sobre as liñas básicas de actuación.

### ***Plan de actuación***

Segundo o Protocolo de Acoso Escolar e Civeracoso da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia

–

### ***Actuacións posteriores en caso de que non se confirme a existencia de acoso.***

Estas actuacións estarán coordinadas polo equipo directivo, co apoio de orientación e o/a titor/a do/a alumno/a. As diferentes actuacións poden adoptar un carácter simultáneo.

Comunicación ás familias do alumnado afectados, ao equipo de profesores e, se se estima conveniente, a outras instancias externas ao centro (sociais, sanitarias e xudiciais, se foron informadas con anterioridade da existencia de indicios).

## **7. SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN DO PLAN DE CONVIVENCIA**

Unha vez aprobado o presente plan debe contar coa participación de toda a comunidade educativa; para iso difundirase entre todos os sectores desta, utilizando todos os medios dispoñibles: edición escrita, charlas de principio de curso cos pais/nais, difusión por parte dos titores/as ante pais/nais, alumnado, etc.

O seguimento, coordinación e avaliación do Plan corresponde á "Comisión de Convivencia".

A Comisión de convivencia reunirse sempre que sexa necesario para analizar as incidencias producidas, as actuacións realizadas e os resultados conseguidos en relación a aplicación do Plan e as medidas que vaian tomando.

Trimestralmente realizará un informe para á CCP coas actuacións, resultados obtidos, actividades futuras e medidas a tomar.

Ao finalizar o curso escolar elaborárase unha memoria na que se recollerá:

- Actividades realizadas
- Recursos utilizados
- Formación relacionada coa convivencia
- Asesoramento e apoio técnico recibido (orientación, servizos externos,...)
- Resumo das correccións adoptadas relativas a condutas conflictivas, tipoloxía destas e medidas aplicadas; casos de acoso...
- Valoración de resultados, propostas de continuidade e de mellora.

## 8. ANEXO 1

### **Alumnos/as mediadores**

É importante implicar os alumnos/as nas tarefas de "resolución de conflitos", pola suposta proximidade e diferente punto de vista que achegan á hora de axuizar e solucionar condutas e actitudes negativas dos seus compañeiros cara á convivencia do centro.

A selección do alumnado mediador será realizada entre o alumnado voluntario, alumnado propostos por outros profesores/as ou pola propia "comisión de convivencia".

O alumnado mediador seleccionado por primeira vez debe recibir unha pequena formación por parte de especialistas, orientadora ou profesorado da comisión de convivencia. Asemade recibirá toda a información necesaria para actuar e contará sempre coa colaboración dun profesor.



## 9. ANEXO 2

Protocolo Educativo para a Prevención e Control do Absentismo Escolar

Protocolo Xeral de Prevención, Detección e Tratamento do Acoso Escolar  
e Ciberacoso.

(Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia)

## 10. ANEXO 3

### Tipificación de sanción para faltas ou incidencias

No apartado “Actividades previstas do equipo directivo” recóllense as posibles medidas sancionadoras; son as seguintes:

- a) Amoestación verbal.
- b) Amoestación escrita e comunicación á familia.
- c) Tarefas destinadas á reparación ou substitución do dano causado na instalación ou no material.
- d) Asistencia ao centro fora do seu horario lectivo a realizar unha tarefa controlada.
- e) Privación de asistencia a clase e estanza no centro.
- f) Suspensión do dereito a participar en actividades complementarias e extraescolares.
- g) Suspensión do dereito de asistencia a clase un máximo de 3 días.
- h) Expediente disciplinario.

## 11. ANEXO 4

## FALTA OU INCIDENCIA SANCIÓN

FALTA OU INCIDENCIA	SANCIÓN
<b>1. Perturbación das clases</b>	
1.1 Falar ou rir de forma continuada	≤ 3 amoestación verbal > 3 amoestación escrita e comunicación á familia > 6 amoestación escrita e comunicación á familia + privación de asistencia 2 días súa clase-.
1.2 Xestos, ruídos ou actos improcedentes	Ídem 1.1
1.3 Uso de móbil, mp3 ou similares	Retirada do dispositivo electrónico. A primeira vez, se entrega a última hora de mañán. A segunda vez se retén en Dirección durante unha semana, previa posta en coñecemento do feito a familia. A terceira vez, se retén en Dirección durante un mes, previa posta en coñecemento do feito a familia.
1.4 Abandonar a clase sen permiso	Amoestación escrita e comunicación a familia
<b>2. Relación co profesorado e persoal non docente</b>	
2.1 Ignorar as indicacións do profesor ou persoal non docente	Amoestación escrita e comunicación a familia
2.2 Dirixirse de forma insolente ou maleducada	Amoestación escrita e comunicación a familia ou Suspensión do dereito de participar en actividades complementarias e extraescolares
2.3 Falta grave de respecto	Suspensión do dereito de asistencia a clase un máximo de tres días ou Expediente disciplinario
<b>3. Relación cos compañeiros/as</b>	
3.1 Ofender verbalmente ou con xestos	Amoestación verbal ou Amoestación escrita e comunicación á familia
3.2 Discriminación de calquera tipo (racial, sexual, intelectual...)	Suspensión do dereito de asistencia a clase un máximo de tres días ou Expediente disciplinario
3.3 Molestar fisicamente	Amoestación verbal ou Amoestación escrita e comunicación á familia
3.4 Proferir ameazas	Suspensión do dereito de asistencia a clase un máximo de tres días
3.5 Participar en pelexas	Suspensión do dereito de asistencia a clase un máximo de tres días

	ou Expediente disciplinario
3.6 Agredir fisicamente	Suspensión do dereito de asistencia a clase un máximo de tres días ou Expediente disciplinario
3.7 Acoso	Suspensión do dereito de asistencia a clase un máximo de tres días ou Expediente disciplinario
<b>4. Materiais e instalacións</b>	
4.1 Ensuciar ou usar con negligencia o material/instalacións	Tarefas destinadas a reparación ou substitución do dano causado na instalación ou no material
4.2 Maltratar ou deteriorar o material/instalacións	Tarefas destinadas a reparación, substitución ou pago do dano causado na instalación ou no material + Amoestación escrita e comunicación á familia
4.3 Roubar material do centro	Tarefas destinadas a reparación ou substitución do dano causado na instalación ou no material ou Expedient disciplinario
<b>5. Útiles e propiedades dos compañeiros/as</b>	
5.1 Usar sen permiso obxectos dos compañeiros	Amoestación verbal
5.2 Maltratar ou deteriorar obxectos dos compañeiros	Tarefas destinadas a reparación ou substitución do dano causado na instalación ou no material ou Suspensión do dereito de asistencia a clase un máximo de tres días
5.3 Roubar obxectos dos compañeiros	Tarefas destinadas a reparación ou substitución do dano causado na instalación ou no material ou Suspensión do dereito de asistencia a clase un máximo de tres días ou Expediente disciplinario
<b>6. Deber de estudo e asistencia ás clases</b>	
6.1 Non traer o material indispensable para o desenvolvementodas clases	≤ 3 amoestación verbal > 3 amoestación escrita e comunicación á familia > 6 amoestación escrita e comunicación á familia + privación de asistencia 2 días súa clase-.
6.2 Non facer os deberes escolares	Decisión do profesor
6.3 Dedicarse a materias alleas á clase	Amoestación verbal ou Amoestación escrita e comunicación á familia
6.4 Chegar con retraso máis de 3 veces de forma inustificada	Amoestación escrita e comunicación á familia
<b>7. Outros comportamentos xerais</b>	

7.1 Acceder ou permanecer en espazos non permitidos	Amoestación verbal ou Amoestación escrita e comunicación á familia
7.2 Saír do centro sen permiso	Amoestación escrita e comunicación á familia ou Suspensión do dereito de asistencia a clase un máximo de tres días
7.3 Perturbar a orde en calquera momento sen clase	≤ 3 amoestación verbal > 3 amoestación escrita e comunicación á familia > 6 amoestación escrita e comunicación á familia + privación de asistencia 2 días súa clase-.
7.4 Comportarse inadecuadamente en actividades curriculares, complementarias e/ou extraescolares	Amoestación verbal ou Amoestación escrita e comunicación á familia ou Suspension do dereito a participar en actividades complementarias e extraescolares
7.5 Reproducir ruídos, expresións ou actos groseiros	Amoestación verbal ou Amoestación escrita e comunicación á familia
7.6 Comer ou beber nas aulas	Amoestación verbal ou Amoestación escrita e comunicación á familia
7.7 Fumar dentro do recinto do Colexio	Amoestación escrita e comunicación á familia ou Suspensión do dereito de asistencia a clase un máximo de tres días
7.8 Falsificar ou manipular xustificantes ou documentos oficiais	Suspensión do dereito de asistencia a clase un máximo de tres días ou Expediente disciplinario
7.9. Tenencia e/ou manipulacións de substancias nocivas para á saúde	Suspensión do dereito de asistencia a clase un máximo de tres días ou Expediente disciplinario
7.10 Outros	Depende da gravidade